

TEATRO CLÁSICO

GUÍA DE LECTURAS

1º BAC




IES EDUARDO PONDAL
DEPARTAMENTO DE CLÁSICAS
CURSO 2022-23

Alumn@:



Teatro de Dioniso, Atenas



Vista aérea do teatro de Epidauro



Santuario de Asclepio, en Epidauro



Capsa con volumes de papiro

1. FUNCIÓN E CARACTERÍSTICAS BÁSICAS DO TEATRO EN GRECIA

A representación teatral é un acto:

- **Relixioso:** forma parte do culto a Dioniso e nel tena a súa orixe. As súas festas anuais eran no mes de xaneiro as *Leneas*, e no mes de marzo as *Grandes Dionisias*.

- **Social:** é un espectáculo popular, de goce do ocio de forma colectiva. Implica a participación do espectador, a súa reflexión sobre problemas humanos e temas políticos.

A representación teatral está organizada pola πόλις ou Estado en forma de concurso, cun premio para o mellor poeta tráxico e outro para o mellor poeta cómico.

Os cidadáns ricos costeaban as representacións co pago de impostos e recibían honores se a obra era premiada. Estes "patrocinadores" denominábanse *coregos*. (χορηγοί)

2. A REPRESENTACIÓN TEATRAL

As representacións teatrais so podían ter lugar durante as festas relixiosas en honor a Dioniso. Nelas establecíase un concurso onde cada autor presentaba tres traxedias ou tres comedias. Destas festas, a máis importante era as *Grandes Dionisias*, que se celebraban ó comezo da primavera.

2.1 Elementos escenográficos

Tódolos compoñentes da obra teatral levaban máscara e disfrace.

- Na traxedia: vestiduras solemnes e luxosas, máscaras de expresión tráxica e o *coturno*, un calzado de madeira con sola bastante grosa. Este calzado especial aumentaba a altura dos actores conferíndolles unha "elevación moral".

- Na comedia: disfraces de animais, mulleres e grotescos en xeral e máscaras cómicas.

En cada representación teatral interviñan:

- Actores: Nun principio había un só actor que dialogaba co coro, Esquilo introduce un segundo actor para enriquecer os diálogos e Sófocles engade un terceiro actor para poder desenvolver escenas máis complexas.

Debían representar varios papeis. Os actores eran sempre homes e desempeñaban papeis femininos cando era necesario. Ás veces podían intervir nenos e *personaxes mudos*, que non eran actores profesionais. Os actores recitaban e cantaban na escena.

- O coro: era fundamental na traxedia. Facía a función dun personaxe máis que dialogaba cos actores sobre o que estaba acontecendo. Os seu compoñentes denominábanse *coreutas*; e estaban dirixidos polo *corifeo*, que é quen toma a palabra cando había que recitar. O coro cantaba e danzaba na *orquestra*.

CRONOLOXÍA

490-479 a. C. Guerras Médicas: Os gregos vencen ós persas (Batallas de Maratón, Termópilas, Salamina, Platea...)

477 Confederación Délica: alianza militar para controlar o perigo persa liderada polos atenienses, con base na illa de Delos ⇒ Talasocracia ateniense

462 a. C. Reformas democráticas de Pericles y Efialtes que aumentan competencias da asemblea

431- 404 a. C. Guerra do Peloponeso: Esparta enfróntase a **Atenas** para tentar frear a súa política imperialista.

429 Peste de Atenas: morre Pericles.

421 Paz de Nicias: tratado por 50 anos.

415 Expedición a Sicilia: o belicista Alcibiades consegue permiso da Asemblea para axudar a colonias atenienses. contra Siracusa. Alcibiades, desterrado por acusación de sacrilexio, abandona a expedición e refuxiase en Esparta. Esparta acude en axuda de Siracusa. Fracasa a expedición.

413 reanúdase a guerra. Esparta pide axuda a Persia e equipa a súa flota. Na batalla de Decelia Esparta cerca a Atenas por terra.

411 Triunfo da oligarquía en Atenas: Consello (boulé) de 400 membros e Asemblea (ekklesía) de 5.000 membros. Sublevación do exército e proclamación de Alcibiades como xefe supremo.

406 Batalla das Arxinasas: anque vence Atenas, os xenerais son condenados por non socorrer aos náufragos.

405 Batalla de Egospótamos: derrota definitiva de Atenas.

404 Atenas derriba os muros longos e entrega a súa flota. **Tiranía dos Trinta:** réxime de terror cun goberno oligárquico proespartano.

403 restablecemento da democracia en Atenas. **Crises económicas e sociais.**


395 a. C. Atenas alíase con Tebas, Argos e Corinto, inimigas de Esparta, para intentar acabar coa súa hexemonía, pero son derrotadas por Esparta en Coronea

As partes do teatro eran:

- Orquestra (ὀρχήστρα) onde se movía o coro.
- Corredores (πάροδος) por onde saía o coro á orquestra
- Escena (σκηνή) onde actuaban os actores.
- Proscenio (προσκήνιον) onde se representaban as intervencións dos deuses, e xunto coa escena constituía un pano de fondo.

Esta é a planta do teatro de Epidauro, un dos teatros gregos máis grandes e mellor conservados. Nas súas gradas había cabida para 20.000 espectadores. Ó igual que os demais teatros, está construído nas ladeiras dun monte para aproveita-lo desnivel e goza dunha espléndida acústica.

Na posta en escena utilizábase unha complicada tremoia: plataformas móbiles que levaban ou sacaban obxectos da escena, grúas para move-los deuses...



2.2 Estructura da peza teatral

A peza teatral consta das seguintes partes:

- Prólogo: ponse ao espectador en situación. Un ou varios personaxes (que poden ser deuses) informan do que está a acontecer.
- Párodos: primeira aparición do coro na orquestra.
- Episodios: son os monólogos ou diálogos entre os actores, e neles desenvólvese a acción. Nos episodios prodúcese o enfrontamento ou *agón* (ἀγών) entre os personaxes principais: o protagonista (πρωτ-αγωνιστής, lit. "que loita de primeiro") e o antagonista (ἀντ-αγωνιστής lit. "que loita en contra").
- Estásimos: intervencións do coro, nas que se comentaba a acción ocorrida nos episodios. As intervencións do coro eran partes líricas escritas en verso, ás veces de difícil interpretación. Estas partes eran cantadas, podendo acompañarse tamén con danza, e dividíanse en *estrofas* e *antístrofas*. Os *estásimos* alternan cos *episodios* ata o final da obra.
- Éxodo: o final da obra, que consiste no resumo final dos acontecementos.



En toda peza teatral, especialmente na traxedia, soe haber un momento de máxima tensión ou clímax que se sucede dun anticlímax. No clímax soe producirse a morte trágica do protagonista ou algún outro personaxe. A representación da morte era tabú no drama grego, polo que este momento non podía ser posto en escena e debía ser referido por outro personaxe, normalmente un mensaxeiro.

Un dos recursos para aumentar a tensión dramática é a chamada **ironía trágica**, utilizada principalmente por Sófocles. Prodúcese cando un personaxe é vítima dun discurso de dobre sentido, que coñecen os espectadores, pero el non.

Nas pezas teatrais había unidade espacial e temporal: a acción desenvolvíase nun escenario único (un so lugar) e nunha xornada (un so día)

3. OS XÉNEROS TEATRAIS

	Traxedia	Comedia
Temas	heroicos ou lendarios (mitolóxicos)	ficción
Tratamento	solemnidade e maxestosidade	desenfadado
Personaxes	heroes ou heroínas	personaxes populares, animais, deuses ou heroes ridiculizados...

Na **traxedia** grega exprésase claramente o sentimento trágico da vida: **céntrase no dolor humano**.

Todo xira en torno ó **heroe trágico**. Nas traxedias de Sófocles, o heroe é un personaxe que, a pesares de ser moralmente superior aos demais, non pode evitar cometer unha falta (ὑβρις) que altera a orde moral establecida ou aceptada pola sociedade. O destino ou ἀναγκή ("o inevitable"), que está por riba de deuses e humanos, equilibrará de novo a balanza. O heroe pasa por unha situación de angustia que é compartida polo público, despertando nel paixón e compaixón. Ó final o heroe acepta o destino e a xustiza divina que o liberan da súa angustia.

A función da traxedia era a de **formar o pobo**, darlle unha lección de temperanza e moderación. O público nas representacións liberaba as súas paixóns, producíndose nel unha liberación ou κάθαρσις (catarse).

A **comedia** perseguía fins semellantes aos da traxedia: liberar ó home das súas angustias e opresións. O heroe cómico por medios fantásticos consegue liberar a Atenas dos seus males: a guerra, os malos gobernantes, as incomodidades, os malos poetas... chegando a un estado de felicidade.

A diferenza da traxedia, a comedia é moito máis explícita, hai unha ensinanza máis directa, amósanos unha situación menos distante que na traxedia. É dicir, o espectador atópase máis cerca do heroe cómico, que vive unha situación cotiá, que do heroe trágico que vive unha situación extraordinaria.



4. PRINCIPAIS AUTORES TEATRAIS GREGOS

Trágicos:

- Esquilo (525-428 a. C.) do que se conservan 7 traxedias.
- Sófocles (496-406 a. C.) 7 traxedias
- Eurípides (480-406 a. C.) 18 traxedias

Cómicos:

- Aristófanes (445-385 a. C.) 11 comedias
- Menandro (342-294 a. C.) 1 comedia e fragmentos.



5. ESQUILO (525-428 a. C.)

Ateniense pertencente a unha familia acomodada, viviu importantes feitos da súa época como as tiranías de Hípias e Híparco, as reformas democráticas de Clístenes ou a batalla de Maratón, na que combateu valentemente.

Escribiu arredor de 90 obras das que só conservamos sete: *As Suplicantes*, *Os Persas*, *Os sete contra Tebas*, *Agamenón*, *As Coéforas*, *As Euménides* e *Prometeo Encadenado*.

Esquilo foi un defensor da democracia, na súa obra está presente o odio a tiranía e a guerra civil. Reflicte na súa obra o patriotismo cara a súa *polis*, Atenas, que exerceu na súa vida.



Trazos da súa obra:

- Rexeita a ὕβρις ou impiedade, que sempre recibe o castigo divino: no caso de Agamenón, a morte da súa filla Ifixenia e os seus amores adúlteros serán castigados coa morte. Clitemnestra, será castigada pola morte de Agamenón.
- O home non debe excederse (principio do μήδεν ἄγαν, “nada en exceso”), xa que podería provocar a envexa ou φθόνος dos deuses: Agamenón teme pisar a alfombra vermella que lle tende Clitemnestra, por ser un luxo excesivo, propio de deuses
- Amosa un sentido da xustiza complexo, no que os crimes esixen ser vingados con novos crimes. A xustiza só poderá restablecerse mediante a conciliación e o uso da razón, que serán quen de restablecer a harmonía, rompendo a cadea de crimes e vinganzas.
- Os heroes trágicos de Esquilo vense obrigados polo destino ou ἀνάγκη a tomar unha decisión ineludible que lles traerá a desgraza: Agamenón comete unha impiedade ao sacrificar á súa filla Ifixenia, para que as tropas podan partir a Troia, pero se non a sacrificase ofendería a deusa Artemisa. Nas *Coéforas* Orestes debe matar a súa nai por orden de Apolo para vingar o seu pai, pero ao cometer o matricidio é perseguido polas Erinias ou Furias.
- Presenta o conflito entre o poder e os súbitos, entre homes e mulleres, entre xustiza e inxustiza.

Estilo:

- Introduce o segundo actor en escena, posibilitando e enriquecendo os diálogos
- Respecta o tabú de non representar mortes en escena. Usa mecanismos coma o “eccicléma”, unha plataforma deslizante, para amosar os cadáveres en escena.
- Utiliza unha linguaxe solemne, e suntuosa, propia da traxedia, rica en metáforas, conseguindo descrições de gran beleza e escenas.
- Usa un tema que se repite ou motivo recorrente (leitmotiv) para potenciar o ton trágico: “a rede” que atrapa a casa dos Atridas e coa que Clitemnestra atrapa a Agamenón para asasinalo.
- Ademais de autor, Esquilo dedicábase á dirección teatral, polo que bota man de efectos escénicos para provocar plasticidade nas súas obras: a gran alfombra vermella que pisa Agamenón xa preludia o sangue que vai correr.
- Usa o dobre sentido, anticipando a ironía trágica de Sófocles.

AGAMENÓN

O tema da traxedia e a maldición que sofre a familia dos Atridas, inmersa nun círculo vicioso de crimes.

O rei Agamenón regresa triunfante da guerra de Troia á súa patria, Argos (Micenas), tras dez anos de ausencia, traendo como escrava a Casandra, a profetisa filla do rei Príamo. A súa esposa Clitemnestra, apoiada polo seu amante Existo, asasínoa xunto con Casandra, vingando deste xeito a morte da súa filla Ifixenia e as continuas infidelidades de Agamenón.



Esta traxedia formaba unha triloxía xunto coas *Coéforas* e as *Euménides*, sendo a única triloxía completa que se conserva de Esquilo. Nas *Coéforas*, Orestes, único fillo varón de Agamenón que estaba exiliado, regresa para vingar ao seu pai, matando a súa nai por orden de Apolo, xa que os asasinatos deste tipo debían ser vingados con sangue. Nas *Euménides* Orestes é perseguido polas Erinias ou Furias, fustrigadoras dos matricidas, polo que deberá purificarse no santuario de Apolo en Delfos. Malia a purificación e a absolución por parte de Apolo, non se libra do acoso das Erinias, polo que acode como suplicante a deusa Atenea. A deusa proporá a creación un tribunal de homes, o Areópago, para que o xulgue e utilizará a razón e a persuasión para absolver a Orestes e así recuperar a harmonía e restablecer a xustiza, rompendo a cadea de impiedades que sufría esta familia.


No *Agamenón*, igual que no resto da triloxía, ponse de manifesto o carácter hereditario das faltas dos pais, di o coro no v. 377 e ss. *"cantos respiran a guerra sen razón e se atreven a encher as súas casas con bens que exceden o xusto, págano nos seus descendentes."* Estas faltas provocarán que se cometan impiedades ou ὕβρις, que haberán de ser castigadas, aínda que as veces o castigo supoña unha nova impiedade, creándose un círculo vicioso de violencia que só cesará coa intervención dunha divindade que restableza a xustiza.

Aínda que os crimes desta familia remóntase a Tántalo, Esquilo só alude aos de Atreo, pai de Agamenón, que ofreceu ao seu irmán Tiestes un banquete cos seus propios fillos. Tiestes víngase facendo que o seu fillo Existo asasine a Atreo. Sobre Agamenón pesan estes crimes, pero el engade outros sacrificando á súa filla Ifigenia para que a flota grega puidese partir a Troia. Este asasinato provoca o odio da súa muller Clitemnestra, que se acrecenta cos rumores das infidelidades do rei e coa presenza dunha nova muller, Casandra. Ex: v. 1435 e ss. *"Pola vinganza da miña filla, que se consumou [...] aí xace ese, mírao!, o que aldraxou a súa esposa, o seductor de Criseidas ao pé de Troia, mira xunto el á súa escrava, a adiviña, a profetisa, a que compartía o seu leito..."*

O personaxe de Casandra contribúe a aumentar a tensión ou clímax coas súas profecías en ton lírico, adiviñando o pasado sanguento da familia e anticipando a acción e narrando a escena do asasinato que non vai poder ser representada

Aínda que o título da traxedia é "*Agamenón*", a auténtica heroína trágica é Clitemnestra xa que está máis implicada no desenvolvemento da acción e a súa actuación é máis complexa que a de Agamenón. A diferenza doutras versións mitolóxicas, en Esquilo é ela mesma a executora do crime e non Existo. Este feito facía que a ὕβρις fose maior, xa que a vinganza de crimes reservábase aos varóns. Ex. v. 1232 e ss. *"Tal é o seu atrevemento: unha femia é a asasina dun varón"*.

XENEALOXÍA DA FAMILIA DOS ATRIDAS



6. CUESTIONARIO SOBRE AGAMENÓN DE ESQUILO

(Cuestións posibles a desenvolver no comentario de texto)

1. Fai un resumo da obra. Podes seguir as indicacións para expoñer e resumir un libro que están no blog. (<http://aspasiamelide.blogspot.com.es/2013/01/como-exponer-un-libro.html>)
2. Función do prólogo no parlamento do vixía. Comenta o simbolismo entre luz e tebras.
3. Busca exemplos dos trazos de Esquilo no párodos (primeira intervención do coro, verso 130 e seguintes.)
 - O home non debe excederse para non provocar e envexa dos deuses
 - As faltas dos pais son hereditarias
4. Que faltas ou ὕβρις cometeu Agamenón?
5. No v. 282 e ss Clitemnestra explica un curioso sistema de comunicación, que permitía que as noticias chegasen rapidamente. Descríbeo e sinala o percorrido no mapa que está no final.
6. Opinión de Esquilo sobre a guerra nos v. 439 e ss.
7. Quen era Menelao, cal foi o seu papel na guerra de Troia? que novas da del o heraldo?
8. Quen era Helena? cal foi o seu papel na guerra de Troia? que opinión ten dela o coro?
9. Agamenón aparece acompañado de Casandra? Investiga quen era, que facultades tiña, cal foi o seu papel na guerra de Troia?
10. Sinala os dobres sentidos presentes na obra, como o dos versos 909 e ss., 973 e ss... e explícaos.
11. Simbolismo da alfombra vermella que tende Clitemnestra a Agamenón.
12. Cal é a actitude de Agamenón ante este recibimento suntuoso cunha alfombra? a que e debe?
13. Casandra entra en escena emitindo profecías (v. 1072 e ss.):
 - Por que invoca Apolo?
 - Quen son eses *"nenos pequenos que choran polo súa degolación. Carnes asadas servidas ao seu propio pai"*
 - Cal é o *"horrible crime que se trama nesta casa"*?
 - A que se refire coa frase *"e a axuda está lonxe"*?
 - A rede que menciona no v. 1115 é un motivo recorrente (leitmotiv). Que significado ten na obra?
 - Que morte describe con detalle no v. 1125 e ss.?
 - Que opinión ten Casandra de Clitemnestra? con que cualificativos a describe e a que seres a compara?
14. Explica porque a morte de Agamenón non ocorre en escena e de que mecanismo se vale Esquilo para que o espectador se saiba con detalle como ocorreu?
15. Que sentimentos ten a raíña Clitemnestra tras o asasinato de Agamenón? que símil utiliza para describir a sensación que lle produciu o sangue do seu esposo?
16. Que aldraxes ou ὕβρις pretendía vingar a raíña con esta morte?
17. Explica o complexo concepto da xustiza en Esquilo valéndote das palabras do coro nos v. 1560 e ss.
18. Quen é Existo? que relación tiña con Agamenón e Clitemnestra? Que motivos podía ter para vingarse de Agamenón?
19. Elabora un cadro xenealóxico no que aparezan Atreo, Tiestes, Menelao, Helena, Agamenón, Clitemnestra, Existo, Ifixenia, Orestes e Electra
20. Por que semella que a obra queda inacabada? Como conclúe esta maldición familiar?
21. Recoñece trazos de Esquilo en calquera texto da obra.



BIBLIOGRAFÍA


- *Agamenón*, Esquilo, ed. Prosopon (Introdución e Guía Didáctica de C. Vilela Gallego)
- *Tragedias*, Esquilo, ed. Gredos (Introdución de M. Fernández-Galiano)
- *Historia de la Literatura Griega*, López Férez, ed. Cátedra
- *Diccionarios de mitoloxía*
- *Diccionario de la Literatura Clásica*. Hotwatson, Alianza Editorial
- <http://aspasiamelide.blogspot.com/2013/02/a-casa-de-atreo-unha-historia-de.html>
- <http://mainakeclasica.blogspot.com.es/2009/03/la-figura-de-agamenon.html>
- http://www.ual.es/Universidad/Depar/fagriega/Obras/AGAM/Agamenon_Episodio1/index.html

7. ARISTÓFANES

Ateniense e posiblemente procedente dunha familia de autores cómicos, Aristófanes vive un dos acontecementos de maior importancia e repercusión na historia de Grecia: a Guerra do Peloponeso.

Na súa obra estará sempre presente a situación política do momento: non só a presión externa que exercen os espartanos sobre Atenas, senón tamén as tensións internas que provocan a guerra en Atenas e que desembocan nos intentos antidemocráticos para impoñer gobernos oligárquicos e proespartanos. Por tratar os problemas da πόλις esta comedia denomínase *comedia política*.

Obras: *Acarnienses*, *Cabaleiros*, *Nubes*, *Avespas* e *Paz* (1ª etapa: a busca da paz. Comedias autenticamente políticas). *Aves*, *Lisístrata*, *Tesmoforias*, *Ras*, *A Asemblea de Mulleres* e *Pluto*. (2ª etapa: busca a evasión e propón situacións e solucións utópicas)



Lisístrata

Lisístrata foi estreada nas Leneas do 411 a. C, en plena guerra do Peloponeso (ver cadro cronolóx.) Nesta comedia cuestiónase de novo **a paz como obxectivo primordial** e para elo Aristófanes busca unha situación utópica: xa que os homes non chegan a ningunha solución satisfactoria, unha muller, Lisístrata, idea un plan para "salvar a toda Grecia". A estratexia das mulleres consiste en dúas accións: tomar a Acrópole e apoderarse do tesouro da cidade, e poñerse "en folga" cos maridos, negándose a ter ningunha relación carnal con eles. O plan comeza a dar resultado cando os homes de ambos bandos, ao non soportar a situación, acceden a facer as paces. Así podemos entender o nome de Lisístrata < Λυσι-στράτη "a que dissolve os exércitos".



Estilo de Aristófanes

A linguaxe de Aristófanes é a lingua viva do pobo: directa, pero moi rica e imaxinativa. Recorre constantemente ós xogos de palabras, ó equívoco e ó dobre sentido. Gústalle parodiar a traxedia, utilizando o ton trágico para asuntos cómicos, e sorprender o espectador con frases finais non esperadas.

En *Lisístrata* e recorre a tópicos como a loita de sexos, o mundo do revés, as mulleres facendo de homes e viceversa, e temas escatolóxicos. Son frecuentes as escenas típicas onde se poñen de manifesto os defectos de ambos sexos: homes inútiles e miñaxoias, mulleres borrachas e obsesionadas polo sexo...etc.

O seu humor basease na parodia, na sátira e ataque contra os novos movementos intelectuais (os sofistas) e os homes destacados no campo da política e da cultura (Cleón, Pericles, Eurípides...). As súas comedias son unha importante fonte para coñecer o ambiente ateniense do s. V. a. C.

Crítica a tódalas clases sociais, pero escolle como protagonistas da súas obras ós personaxes do pobo chan que queren vivir tranquilos e sen guerras.



8. CUESTIONARIO SOBRE *LISÍSTRATA* DE ARISTÓFANES

(Cuestións posibles a desenvolver no comentario da obra)

1. Uso da utopía para facer crítica social en Lisístrata. Dada a situación da muller en Atenas, resultaba inconcibible un plan de salvación nacional ideado por mulleres, como a toma da Acrópole polas máis vellas ou a "folga" que fan as novas cos maridos. A heroína cómica consegue liberar a cidade dos seus males por medios e situacións irreais. O mundo real aparece, entón, distorsionado e desfavorable.

2. Busca na obra alusións ás diferentes formas de vida en Esparta e Atenas: a educación das mulleres, a organización política...

3. ¿Era Aristófanes defensor da muller ou non? Na comedia arremete contra os inimigos da condición feminina, como Eurípides, e parodia célebres frase machistas. Algúns monólogos, parecen apoloxías do sexo feminino Pero compre non esquecer que Aristófanes non fai máis que amosarnos un mundo ó revés, para un grego do s. V a. C. unha muller salvadora do país era o colmo do ridículo.



4. Buscar exemplos da crítica política en Aristófanes. Ataca a situación política do momento arremetendo contra todo, principalmente contra as novas correntes intelectuais e políticas. Critica o belicismo ateniense, a corrupción e algunhas das reformas feitas polos demócratas Pericles e Efialtes.

5. Buscar exemplos da linguaxe viva do pobo: xogos de palabras e dobres sentidos (case sempre en clave erótica), metáforas fora de contexto (Ex: a do campo ben abonado e traballado e sementado, a arma desenfundada...)

6. Buscar exemplos de humor sutil e humor máis fácil: humor de tortas e bastonadas, humor escatolóxico.

7. Comentar a utilización da técnica da sorpresa: frecuentemente acaba parlamentos e escenas con frases ou actitudes non esperadas. Tamén nos prólogos procura introducir a acción de forma misteriosa para causar expectación no público.


8. ¿En que lugares de que cidade se desenvolve a acción? ¿Que se facía na Acrópole? ¿Porque é importante para as mulleres tomala? Menciónase “o tesouro de deusa”. Onde estaba? de onde proviña? que lle proporcionou a Atenas?. Consulta este artigo si tes dúbidas:

http://es.wikipedia.org/wiki/Confederación_de_Delos

9. ¿Cal é a situación de Atenas, dende o punto de vista histórico? Poderías explicar a partir de aquí por que as mulleres deciden actuar?

10. Sitúa no mapa dos bandos belixerantes na guerra do Peloponeso os seguintes lugares que aparecen mencionados na comedia: Atenas, Esparta, Beocia, Peloponeso, Salamina, Tracia, Corinto, Mileto, Samos, Mesenia, Pilos, monte Taixeto e río Éúrotas.

MAPA BANDOS BELIXERANTES NA GUERRA DO PELOPONESO



BIBLIOGRAFÍA

- *Introducción*
- *Diccionario de mitología griega y romana*. P. Grimal. Ed. Paidós
- *Diccionarios de mitología*
- *Diccionario de la Literatura Clásica*. Hotwatson, Alianza Editorial. (En "Diccionarios" 03)
- *Diccionario griego-español*. J. M. Pabón, Vox. (En "Diccionarios" 03, na biblioteca)
- *Historia de la literatura griega*. López Férez, J. A. (Ed.), ed. Cátedra
- "El mensaje liberador de Dioniso en las *Bacantes* de Eurípides", López Puertas, G. (<http://www.ucm.es/info/especulo/numero28/dioniso.html>)
- Imaxes da representación: Grupo Hypnos (IES Francisco Ríos, Córdoba): <http://www.grupohypnos.com/site/>

9. FUNCIÓN E CARACTERÍSTICAS BÁSICAS DO TEATRO EN ROMA

ORIXES


Pouco sabemos das orixes do teatro romano, xa que as primeiras representacións eran improvisacións de carácter popular que seguramente non se puñan por escrito. Podemos fixar o nacemento oficial do teatro a principios do **s. III a. C.**, data na que Roma entra en contacto coa cultura grega ao conquistar o sur de Italia e Sicilia, importantes colonias gregas denominadas "Magna Grecia". Os autores romanos comezan a adaptar comedias gregas, converténdose en continuadores dunha cultura superior á deles.

A REPRESENTACIÓN TEATRAL

Mentres que os gregos adoitaban aproveitar unha ladeira ou declive do terreo para construír os teatros e dispor as gradas, os romanos por medio de arcos e estruturas abovedadas puideron levantar edificios independentes. A práctica eliminación do papel do coro nas representacións romanas, fixo que a zona semicircular (*orquestra*) que lle estaba reservada quedase notablemente reducida.

O **escenario** romano dispuña de un decorado fixo (*escena*), que simulaba unha estrutura arquitectónica: unha especie de edificio con tres portas, adornado con tres pisos de galerías con columnas, na que se representaba a acción, que normalmente tiña lugar na rúa, diante de tres casas.

Os **actores** eran sempre homes, que podían representar varios papeis, incluso femininos, cambiando de indumentaria e de perruca (na comedia non era tan frecuente o uso das máscaras como os actores gregos). Tamén usaban *coturnos*, uns zapatos de sola grosa que lle daban unha maior elevación.



10. A COMEDIA ROMANA

Roma herdou os xéneros literarios gregos, e dentro do drama cultivou con máis éxito a comedia que a traxedia.

En Grecia, coa *Comedia Vella* de Aristófanes (s.V a. C.) podía criticar a personaxes concretos; pero cando Menandro escribe a *Comedia Nova*, xa non hai esa liberdade, polo que centra os seus temas na vida cotiá. Os personaxes son sempre os mesmos e inconcretos: o escravo enredante confidente das aventuras do seu amo, o pai de familia consentidor, o parásito lambón e adulador, o soldado fanfurriñeiro, as mulleres case sempre de "vida alegre".... Se a comedia de Aristófanes era unha forma de loita política, a de Menandro só pretendía facer rir.

A comedia romana basease na Comedia Nova grega., e por iso recibe o nome de "palliata" (< *Pallium*, manto grego co que cubrían os actores). Son representacións de **ambientación grega**: os personaxes, o escenario xeográfico, os costumes...

A comedia romana evolucionou elementos da comedia e traxedia gregas como os coros, que eran partes recitadas e/ou cantadas por un grupo de persoas (os coreutas). Estas partes desenvolvíanse na orquestra, onde o coro tiña tamén especie para danzar. Na comedia nova había partes musicais nos entre actos, xa que estas partes musicais ou *cantica* eran moi do gusto do público.

Os comediógrafos traducían ou adaptaban obras gregas, ás veces usaban un procedemento chamado *contaminatio*, que consistía en mesturar dous argumentos de comedias gregas.

11. PRINCIPAIS AUTORES TEATRAIS ROMANOS

Cómicos:

- Plauto (251-184 A. C.) do que se conservan 20 comedias
- Terencio (190-159 a. c.) 6 comedias

Tráxicos:

- Séneca (4 a. C.- 65 d. C.) 8 traxedias (para ser lidas)

12. PLAUTO (251-184 A. C.)

Introduce en Roma a Comedia Nova. Plauto é un home do pobo que vive nunha situación económica e política difícil e escribe para sobrevivir: ten que contentar o público para conseguir que os maxistrados costeasen a representación. Aínda que os personaxes son gregos e a escena soe ser Atenas, Plauto axeita a Comedia Nova a Roma:



- Suprime chistes refinados e explica costumes descoñecidos para os romanos. Os seus chistes baséanse na dobre interpretación, na esaxeración, no equívoco, na burla aos forasteiros, provincianos, campesiños..
- Utiliza os prólogos como explicación da peza, pero tamén para acadar a atención do público.
- Escolle argumentos choqueiros e ridículos, xa de por si cómicos, inspirados na vida cotiá
- Busca a complicidade do público, que coñece o engano mentres que o personaxe afectado ignóralo.
- Conserva os **personaxes fixos da Comedia Nova**, que son tipos populares do agrado do público: o *senex* (vello cutre e rosmón e ás veces consentidor do fillo), o *servus* (escravo intelixente e enredante, normalmente o protagonista), o *adulescens* (mozo de boa familia mullereiro e consentido), o *leno/a* (alcaíote/a avarento), a *meretrix* (prostituta) o *parasitus* (chupón) que so pensa en comer e beber a conta dos demais, o *miles gloriosus* (soldado fanfurriñeiro) que se gaba de todo pero que no fondo é un covarde, o vello avaro que é capaz de perder a súa familia antes que gastar o seu diñeiro
- Inspírase nas comedias gregas e ás veces funde dúas nunha: *contaminatio*

Hoxe conservamos unhas vinte comedias de Plauto entre as que destacan *Anfitrión*, *Asinaria*, *Aulularia*, *Casina*, *Os Xelmegos*, *O Miles gloriosus* (*O soldado Fanfurriñeiro*), *Mostellaria* (*a Pantasma*), *Cistellaria* (*O cestiño*), *Persa*

Plauto, que sempre viviu entre as clases baixas, leva esas clases á escena: o escravo é o protagonista do seu teatro e a súa diversión son os conflitos amorosos e familiares dos seus amos. O seu teatro reflicte extraordinariamente a linguaxe falada pola xente, o latín vivo e vulgar.

Argumento de *Persa*

Tóxilo, un escravo que actúa como un home libre porque seu amo leva moito tempo de viaxe, está namorado de Lemniselene, unha prostituta que está en poder do leno Dórdalo e non ten cartos para liberala. Coa axuda do escravo e amigo Sagaristión urdirá un plan para conseguir a súa amada e dar un escarmento ao avarento leno. Sagaristión farase pasar por un mercador persa e venderá á filla do parasito Saturio como se fose unha escrava persa.

Nesta comedia Plauto prescinde de varios dos seus personaxe típicos. Esta é unha farsa de escravos, na que o protagonista compórtase como se fose un home libre, aproveitando a ausencia prolongada do seu amo: namórase, organiza banquetes e dispón dos recursos do seu amo, pero ao mesmo tempo, como escravo que é, urde un plan para solucionar o seu problema. Plauto preséntanos un mundo do revés, escravos comportándose como homes libres como un recurso cómico máis.

13. CUESTIONARIO SOBRE O PERSA DE PLAUTO

1. Escribe en tres liñas o argumento da obra.
2. Identifica ós personaxes fixos da comedia romana.

Personaxe	Nome na comedia	Descrición do personaxe
servus amans		
servus		
leno		
meretrix		
parasitus		

3. É frecuente que Plauto nas súas comedias utilice "nomes parlantes" para denominar ós seus personaxes, con elo pretende que o espectador supoña as función deles nada máis escoitar o seus nomes. Di que personaxes derivan dos seguintes termos latinos ou gregos e cal é a súa función.

Termo latino ou grego	Nome do personaxe	Función do personaxe
Tóxilus < τόξον "frecha", "o ferido pola frecha"		
Saturio < satur "farto"		
Lucrativa		

4. Tóxilo fai aparición comparando os seus sufrimentos a algúns traballos de Hércules: as aves do lago Estinfalo, o xigante Anteo ou o xabaril de Erimanto (aínda que por erro non mencione este nome). Explica estes episodios.
5. Os personaxes xuran constantemente por Cástor e Pólux. Quen eran estes personaxes?
6. Sagaristión estráñase da liberdade coa que actúa Tóxilo. A que se debe? (páx. 21)
7. Entra en escena Saturio, páx. 23, como se define a si mesmo?
8. Que fai Tóxilo para conseguir a axuda de Saturio?
9. Na páx. 29 Tóxilo dille a Saturio que pode conseguir vestimentas do corego. Que función tiña na antiga Grecia? Quen eran os edís? É lóxico que se mencionen se a acción se desenvolve en Atenas?
10. Como consegue Sagaristión cartos para axudar ao seu amigo Tóxilo? Cres que na antiga Roma podería darse esta situación? (pax. 39)
11. Na páx. 40 Sagaristión menciona que o seu amo é un avarento "dos que negan o saleiro co sal ao escravo". Porque cres que se faría isto? Investiga a etimoloxía da palabra salario.
12. Na páx. 42 en medio de bromas menciónase o que era o peor castigo para un escravo. Cal era?
13. Explica o título da comedia.
14. Sinala os dobres sentidos e as argucias das que se vale a rapaza, filla do parasito Saturio, para enganar ao leno Dórdalo nas páx. 66-70.

BIBLIOGRAFÍA

- *Introdución desta unidade didáctica*
- *Diccionario de mitología griega y romana*. P. Grimal. Ed. Paidós
- *Diccionarios de mitología*

LECTURAS 1º BAC. CURSO 2022-23

Tal como aparece na programación didáctica, é obrigatorio facer unha lectura para as materias de Grego I e Latín I.

A lectura pódese escoller entre o listado de lecturas e películas que figuran máis adiante. Se a lectura non está neste listado, débese consultar antes coa profesora. Desta lectura presentárase un resumo coas seguintes características:

- O resumo entregárase en formato PDF a través da tarefa correspondente, publicada na aula virtual, antes das 00.00 do luns 17 de abril de 2023.
- A extensión non deberá ser superior a dúas caras de A4, letra arial (ou similar) 10, a espazo simple.
- Consultar pautas para facer resumo e mirar exemplos na seguinte ligazón:
<http://aspasiamelide.blogspot.com/2013/01/como-exponer-un-libro.html>

O resumo debe seguir o seguinte esquema:

1. Datos do libro

Título
Autor/es
Editorial
Xénero (cómic, novela, teatro...)

2. Resumo: non debe superar nunca as vinte liñas

- Contexto: onde? cando?. O lugar e a época na que transcorre a acción.
- Descrición (breve) do personaxe/s principal: Quen?
- Desenvolvemento da acción: como? O argumento da obra

3. Opinión persoal:

- Fíxome en aspectos do libro e coméntoos:
 - . estilo do autor/a
 - . temas que trata e como os trata
 - . sé é un cómic: debuxos, texto e a súa relación
 - . se é unha obra non ambientada nas antigas Grecia e Roma, comento o seu referente clásico
 - . analizo a súa mensaxe
- Gustoume porque.../ Non me gustou porque...
- Se coñezo outras versións da obra ou outros formatos dela (película, novela, cómic, vídeo, peza teatral...) coméntoo brevemente e compároo.

4. Imaxes: da portada ou de páxinas que me gustaron, ou aquelas que consideramos que resumen o espírito da obra.

5. Fontes: se consulte algún libro ou páxina na rede, cítalo ao final do esquema

IMPORTANTE: se se detecta calquera tipo de copia da rede ou de outras fontes, a puntuación será 0.

TODAS ESTAS INDICACIÓNS COA LIGAZÓN PARA MIRAR COMMO SE FAI UN RESUMO ESTÁN PUBLICADAS NA AULA VIRTUAL.

TEATRO

- *Lisístrata*, de Aristófanes, (varias editoriais)
- *Asembleístas/Tesmoforias/Nubes/Pluto...* de Aristófanes (pedir unidade didáctica a Susana)

NOVELA

Alexandre, Marilar, *A cabeza da Medusa*, ed. Xerais. Dúas rapazas dun instituto de Vigo sofren unha violación cando volven dunha festa. Moi interesante tratamento do mito da Medusa, que ao igual que as protagonistas pasa ser culpable en lugar de vítima. Fácil de ler, engancha.



Alexandre, Marilar, *A filla do Minotauro*, ed. Galaxia. Novela de aventuras e amor ambientada a finais da Segunda Guerra Mundial nunha Sicilia poboada de personaxes mitolóxicos. Miranda, a nosa heroína decide formar parte dunha asociación clandestina que se dedica a salvar obras de arte. Cos seus novos compañeiros descubrirá o valor do propio patrimonio, a súa propia historia e tamén o amor.



Alexandre, Marilar, *Mundanzas e outros velenos*, ed. Galaxia. Poemario que reinterpreta as *Metamorfoses* de Ovidio, revisa os mitos clásicos e reivindica as heroínas vítimas da violencia de xénero que, ademais son castigadas na tradición clásica.



Atwood; M. *Penélope y las doce criadas*, Ed. Salamandra. Deliciosa novela breve da man dunha das grande figuras da narrativa contemporánea que revisa o mito da fiel Penélope, ofrecendo unha nova versión.



Bracken, Alexandra, *Lore*, ed. Puck. Novela fantástica ambientada en New York na que a protagonista, Lore Perseus, descendente dunha liñaxe mitolóxica, loita por sobrevivir nunha batalla entre personaxes da mitoloxía grega.



Davis, Lindsey *La plata de Britania*, ed. Edhasa. Estupenda novela policiaca que dá conta das aventuras do detective Marco Didio Falco na Roma do emperador Vespasiano. É a primeira novela da serie e nela Falco terá que desprazarse á lonxana Britania para descubrir unha conspiración contra o César. Para bos lectores/as.



Évano, Brigitte, *Cuentos y leyendas de los Juegos de Olimpia*, ed. Anaya. Relatos ambientados nos xogos de Olimpia do a. 432 a. C., ás que asisten como espectadores importantes personaxes como Pericles ou Sócrates. Fácil de ler.




Feijoo, Pedro, *Os fillos do mar*, ed. Xerais. Simón Varela é un mediocre arquitecto residente en Vigo. Un día recibe unha chamada dunha señora da alta sociedade viguesa, Isabel Llobet, para que lle faga unha reforma nunha fonte da súa propiedade, nun pazo de Canido. Aos poucos días de comezar a reforma, Simón atopa un cofre pechado. Simultaneamente, a señora, xa maior, morre en estrañas circunstancias. A partir de aquí, o arquitecto vese involucrado nunha intrigante trama na que tamén parece estar envolta a familia da muller morta. Novela trepidante de aventuras, de intriga, escrita con ton humorístico, que nos remonta a tempos pasados da historia de Vigo e contén un potente referente clásico. Fácil de ler, pero con 432 páx.



Graves, R. *Mitos da antiga Grecia*, ed. Xerais. Libro moi sinxelo de ler, que nos conta os principais mitos gregos.



Graves, R., *La hija de Homero*, ed. Edhasa. Magnífica versión da Odisea, na que a autora do poema homérico sería unha muller, unha princesa siciliana que se retra a si mesma como Nausícaa. Para boas/os lectores, aínda que fácil de ler.



Grenier Christian, *Cuentos y leyendas de los héroes de la mitología*, ed. Anaya. Antoloxía de contos mitolóxicos, moi fácil de ler.




Kallifatides, Theodor, *El asedio de Troya*, ed. Galaxia Gutenberg. Grecia 1944, durante a ocupación nazi de Grecia, unha mestra relata aos seus alumnos a guerra de Troia para distraelos do horror da guerra. Magnífica e poética versión da guerra de Troia sen a intervención do deuses, moi fácil de ler, 170 páx.



Kallifatides, Theodor, *Timandra* ed. Galaxia Gutenberg. Timandra foi unha muller de gran beleza de finasi do s. IV a. C., que congrega a súa casa a intelectuais como Sócrates e Eurípides. Foi tamén amante do controvertido Alcibíades e cóntanos en primeira persoa a súa versión da guerra do Peloponeso, na que Atenas foi derrotada por Esparta.



Lillo Redonet, F., *Teucro, o arqueiro de Troia*, ed. Toxosoutos. Novela inspirada no mito de Teucro, o arqueiro grego que regresa da Guerra de Troia e, segundo fontes mitolóxicas, chega á costa atlántica e funda a cidade de Pontevedra.




Manfredi, Valerio Máximo, *El ejército perdido*, Ed. De Bolsillo. Interesante e entretida narración baseada na *Anábasis* de Xenofonte, a retirada do exército mercenario grego que no 401 a. C. acudira en axuda do príncipe persa Ciro no Novo para destronar a seu irmán Artaxerxes, contada por unha rapaza que abandona o seu mundo para seguir a Xenofonte, un dos xefes da expedición. Fácil de ler, pero voluminosa.




Martín, Isabel *La curandera de Atenas*, ed. Booket. Novela entretida e fácil de ler que se desenvolve na Atenas clásica, protagonizada por unha muller, filla do filósofo Empédocles, que de nena é raptada e convertida en escrava e chega a servir a Aspasia en Atenas. Máis adiante coñecerá a Hipócrates, o máis famoso médico da antigüidade e aprenderá del as artes da medicina.




Miller, Madeline, *Circe*, Ed. AdN. Novela centrada na feiticera Circe, filla de Helios, tía de Medea, amante de Odiseo... que vive apartada na súa illa e usa os seus poderes para transformar homes en bestas. Lectura asequible.



Miller, Madeline, *La canción de Aquiles*, Ed. AdN. A historia de Aquiles, un dos máis grandes heroes da mitoloxía grega, contada polo seu amigo íntimo e amante Patroclo, cun punto de vista máis humanizado e intimista. Lectura asequible.



Riding, Laura, *Final Troyano*, Ed. Edhasa. A guerra de Troia novelada e contada dende a intimidade dos personaxes.



Riordan, Rick, Serie *Los héroes del Olimpo: El héroe perdido, El hijo de Neptuno...*, Ed. Montena. Serie fantástica de gran éxito, continuadora de *Percy Jackson y los dioses del Olimpo*. Agora céntrase na xigantomaquia e nos heroes do Vélaro de Ouro, Xasón e os Argonautas.



Riordan, Rick, Serie *Percy Jackson y los dioses del Olimpo: El ladrón del rayo, Los dioses del Olimpo...* de. Ed. Salamandra. Serie fantástica de gran éxito, ambientada no EEUU actual, onde o protagonista, Percy Jackson, vese involucrado nunha serie de aventuras ao descubrir que é fillo de Poseidón



Schmitt-Pantel, Pauline, *Dioses y Diosas de la Grecia Antigua*, explicados a todo el mundo. Ed. Paidós. Libro que explica os principais deuses gregos de forma clara e amena.




Sofía, Marta, *Ágora*, ed. Planeta Inspirada na película de Amenábar, relata a traxectoria da filósofa e matemática Hipatía de Alexandría e a época convulsa na que viviu, s. IV d. C na que o cristianismo se impuxo violentamente no mundo clásico.



Sutcliff, Rosemary, *Las aventuras de Ulises. La historia de la Odisea*, ed. Vicens Vives. Espléndida versión da *Odisea* de Homero.



Sutcliff, Rosemary, *Naves negras ante Troya. La historia de la Ilíada*, ed. Vicens Vives. Espléndida versión da *Ilíada* de Homero.



PELÍCULAS

Amenábar, A., *Ágora*, España 2009. Filme arredor da escola da filósofa, matemática, astrónoma.. Hipatia na convulsa Alexandría do s. IV d. C.



Cacoyanis, M., *Las Troyanas*, USA 1971. Extraordinaria adaptación das *Troianas* de Eurípides cun reparto de luxo, as mulleres, nais e fillas dos troianos mortos que agardan a ser sorteadas como escravas dos vencedores gregos. Clásico que se constitúe como un dos mellores alegatos contra a guerra.



Columbus, Chris, *Percy Jakson y el ladrón del rayo*, USA 2010. Adaptación da novela fantástica homónima de R. Riordan, que nos amosa toda unha serie de personaxes mitolóxicos que viven nos EEUU do s. XXI



Freudenthal, Thor *Percy Jakson y el mar de monstruos*, USA 2013 Adaptación da novela fantástica homónima de R. Riordan, que nos amosa toda unha serie de personaxes mitolóxicos que viven nos EEUU do s. XXI.



Konchalovsky, A. *La Odisea*, USA 1997. Boa adaptación da Odisea de Homero, moi respectuosa coa ambientación e a documentación e cun bo reparto de actores e actrices.



Kubrick, S., *Espartaco*, USA 1960 Excelente superproducción en torno á figura de Espartaco, o famoso escravo tracio que encabezou unha imporante revolta de escravos no s. I a. C.



Lester, R., *Golfus de Roma*, Reino Unido 1966. Comedia baseada nun musical, que ten como argumento a mestura de varias comedias de Plauto: un astuto escravo que axuda ao seu amo a conseguir a muller que ama, salvando todo tipo de obstáculos.



Mankiewicz, J. *Cleopatra*, USA 1963. Clásica superproducción cun reparto de luxo arredor da figura de Cleopatra, mítica raíña de Exipto que mantivo relacións con Xulio César e Marco Antonio no s. I a. C.



Mankiewicz J. *Julio César*, USA 1953. Clásico cun reparto de luxo baseado na traxedia de Shakespeare do mesmo título, que xira e torno a Xulio César e o seu asasinato no 44 a. C.



Mann, A., *La caída del Imperio Romano*, USA 1966. Clásico cun reparto de luxo que nos leva á Roma de finais do s. II d. C., cando a morte do emperador Marco Aurelio provoca unha serie de loitas polo poder que marcarán o comezo da decadencia do imperio romano.



Nicholson, P. *Pompeya, el último día*. Reino Unido 2003. Excelente documental da BBC que combina a reconstrución da vida cotiá en Pompeia e os seus últimos días antes da erupción do Vesubio no 79 d. C. cunha explicación rigorosa dos achados arqueolóxicos.



Petersen, W. *Troya*, USA, Reino Unido, Malta 2004. Superproducción que ofrece unha versión libre da Guerra de Troia con algúns pasaxes moi aproveitables de inspiración homérica.



Ross, Gary, *Los juegos del hambre*, USA 2012. Baseada na novela homónima, narra unha acción ambientada nun mundo post-apocalíptico no que domina un réxime totalitario que obriga aos adolescentes a participar nuns xogos nos que deben matarse os uns aos outros para sobrevivir. Tema distópico con abundantes referentes clásicos



Scott, R. *Gladiator*, USA 2000. Exitoso peplum ambientado na Roma de finais do s. II d. C. O emperador Marco Aurelio morre asasinado polo seu fillo Cómodo, que intenta desfacerse do fiel xeneral Máximo Décimo Meridio, a quen seu pai nomeara como sucesor. Máximo, que consegue escapar da morte, convértese en escravo e nun gladiador vitorioso, que buscará por riba de todo vingarse de Cómodo.



Snyder, Zack, *300*, USA 2006. Peplum de animación baseado na batalla das Termópilas, na que un heroico exército de 300 espartanos se enfrontará ao numerosísimo exército persa. Película bastante maniquea, que non analiza a complexidade da relación entre gregos e persas.



Stone, O. *Alejandro Magno*, USA 2004. Superproducción que ten a vida e fazañas de Alexandre Magno como fio condutor. Ben documentada, fai unha boa análise dos aspectos culturais e da figura de Alexandre.



Taviani, P e V, *César debe morir*, Italia 2012. Extraordinaria película que se desenvolve nunha cárcere de Roma, onde un grupo de presos ensaia o *Xulio César* de Shakespeare. A ficción da traxedia shakespeariana mestúrase co día a día dos presos.



Villeneuve, Denis, *Incendies*, Canadá 2010. Impactante historia na que dous irmáns deben viaxar ao seu país de orixe, con toda probabilidade Líbano, a buscar ao seu pai e ao seu irmán, seguindo as ordes do testamento da súa nai, que acaba de falecer tras recibir un forte impacto emocional. Contén un potente referente clásico.



Wajda, Andrzej, *Katyn*, Polonia 2007. Interesante crónica dos dramáticos sucesos de Katyn, onde o exército soviético aniquilou a 22.000 oficiais polacos na segunda guerra mundial, por orde de Stalin. Potentes referentes clásicos.



Willing, N., *Jasón y los argonautas*. USA 2000. Peplum centrado na mítica viaxe de Xasón en busca do Vélaro de Ouro e que obvia todos os aspecto escuros da relación con Medea.



CÓMICS

Calatayud, M. *Los 12 trabajos de Heracles*, Ediciones de Ponet. Magnífica versión dos traballos de Heracles nun estilo pop-art, con clara inspiración na cerámica grega e nos frescos minoicos e micénicos. Lectura asequible.



Dori, Fabrizio, *El dios vagabundo*, ed. ECC Cómic, historia dun sátiro perdido no mundo actual que quere atopar o seu desaparecido mundo de maxia e mitos. Debuxo fascinante cunha nova mirada sobre os mitos gregos.



Doxiadis, A. e Papadimitriu, Ch., *Logicomix*, ed. Sins Entido, historia das matemáticas e filosofía nos s. XX seguindo a traxectoria de Bertrand Russell. Libro interdisciplinar: matemáticas, filosofía, clásicas... para lectores/as maduros.



Dufaux, Jean e Delaby, Philippe, *Murena*, ed. Planeta D'Agostini. Magnífica serie de 9 tomos que describe a vida dun patricio romano na Roma imperial de Claudio e Nerón, moi ben documentada (cita a Suetonio). Moitas escenas de loita de gladiadores, eróticas e da vida cotiá na Roma Imperial.




Fernández, Juanra & Guerrero, Mateo, *Gloria Victis*, ed. Norma. Estupenda serie ambientada na Hispania do s. I d. C., protagonizada por un xoven auriga que quere vingar a morte do seu pai nunha carreira pouco limpa. Debuxo increíble, excelente para documentar os *ludi* e vida cotiá no Imperio Romano. Moi fácil de ler, engancha, a partir de 1º de ESO.




Friessen, Jerry & Trifogli, Francesco, *El Fuego de Teseo*, ed. Ponent Mon. E se a historia que coñecemos de Teseo e o Minotauro non é a verdadeira? Interesante revisión deste mito en clave feminina, na que se cuestiona o papel e a identidade dos monstros. Mágoa que o fascinante mundo minoico non saia moi ben parado. Fácil de ler



García, Iván & O'Leary, Ruth, *Por un puñado de dracmas*, ed. Grafito Editorial. Un mercenario ateniense e un renegado espartano atópanse nunha remota cidade do Epiro dominada por un tirano e ameazada por unha terrible besta. Fácil de ler



Marini, Enrico, *Águilas de Roma*, Norma Editorial. Serie que vai no 4º volume, que narra as aventuras de dous amigos que se criaron xuntos: un patricio romano, fillo de romano e xermana, e un príncipe xermano levado a Roma como refén. boa documentación histórica sobre as campañas contra os xermanos. Descricións moi interesantes da vida cotiá, *villae*, urbanismo, exército con escenas eróticas.




Miller, Frank, *300*, Norma Editorial. Cómic no que se basea a famosa película que rende honra aos 300 espartanos mortos nas Termópilas durante as Guerras Médicas, pero moito mellor e sen maniqueísmo excesivo da película.




Olivares, Javier & García, Santiago, *La Cólera*, ed. Astiberri. Historieta inspirada na cólera de Aquiles, tema fundamental da *Ilíada* de Homero, que percorre a traxectoria de Aquiles cunha técnica e debuxo innovadores. Para lectoras/es maduras.



Papadatos, A. & Kawa & di Donna. *Democracia*, ed. Alianza. Magnífica historieta que transcorre na Atenas dos s. VI-V a. C., xusto antes da Batalla de Maratón. Marabillosamente contextualizada, explica o nacemento da democracia con reflexións filosóficas. Mellor para lectoras/es maduras.



Peña, Nacy & Le Callet, Medea, Impresionante cómic que recrea cun coidado exquisito a traxectoria dunha das heroínas tráxicas máis denostadas, a feiticeira Medea, capaz de todo tipo de crimes na súa sede de vinganza.



Pérez Navarro & Saurí, Martín. *La Odisea*, Norma Editorial. Boa adaptación do clásico homérico, debuxo algo abigarrado e cargado en branco e negro.



Prudhome, David, *Rebético*, *La mala Hierba*, Ed. Sins Entido. Historia ambientada na Atenas dos anos 30 do s. XX baixo a ditadura de Metaxas, protagonizada por músicos de rebético, representantes dunha poboación marxinal e desprazada, procedente de Asia Menor. Moi interesante, sobre todo se se acompaña con audicións de música rebética. Lectura atractiva para as/os amantes da Grecia actual.



Riordan, Rick & Vewnditti, R. e outros. *El ladrón del rayo. Percy Jackson y los dioses del Olimpo* Ed. Salamandra. Adaptación das novelas de R. Riordan, aínda que se parece máis á película que o texto, fácil de ler a partir de 1º de ESO.



Rossi & Le Tendre, *La Gloria de Hera*, Ed. Planeta DeAgostini. Historia de Heracles antes dos Doce traballos, cando o seu nome era Alceo e non gañara o seu sobrenome “Heracles” ou a gloria de Hera. Céntrase en aspectos menos tratados, como a dualidade e relación co seu irmán xemelgo Ificles. Bos debuxos, para boas lectoras/es.




Rossi & Le Tendre *Tiresias*, Ed. Planeta DeAgostini, Deliciosa historia de Tiresias, que ademais de famoso adiviño, viviu como muller e como home. Bos debuxos, moi interesante reflexión sobre a identidade sexual. Para lectoras avezadas/os.



Rubín, David. *El Héroe I e II*, Astiberri Ediciones. Magnífica versión libre sobre Heracles e os 12 traballos. Preséntasenos a un Heracles nun contexto intemporal, con elementos do pasado, presente e futuro. O tomo II amosa un Heracles maduro e atormentado, algo durillo polo seu contido. Para lectores/as iniciados e acostumbrados ao cómic.




Rubín, David. *El circo del desaliento, La tetería del Oso malayo...* Fermosas historias curtas, mestura de realidade e fantasía pragadas de referentes clásicos. Para lectores/as iniciados e acostumbrados ao cómic.




Sfar e Balin, *Sócrates el semi-perro I: Heracles*, , Ed. Sins Entido

Sfar e Balin, *Sócrates el semi-perro II: Ulises*, Ed. Sins Entido


Sfar e Balin, *Sócrates el semi-perro III: Edipo en Corinto*, Ed. Sins Entido. Versión libre, irreverente e case surrealistas dos personaxes de Heracles, Ulises e Edipo vistos por Sócrates, un can un tanto filósofo, máis cínico (como non podía ser menos) que socrático. Para lectoras maduras/os




Shanower, Eric, *La Edad de Bronce* (Oito volumes en cómic sobre a Guerra de Troia), , ed. Azake. Vasta obra que pretende ter uns 50 volumes e ameaza con quedar inacabada. Documentación histórico-arqueolóxica impecable e magníficos debuxos. O autor prescinde de todo elemento divino. Moi densa, para bos e minuciosos lectores/as.



Thomas, Roy, Sepúlveda, M. A. e Tocchini, G *La Ilíada-La Odisea*, ed. Marvel. Magnífico en canto ao texto e minuciosidade, respectando o texto homérico co seu estilo épico. Debuxos na liña de superheroes de Marvel. Para lectoras/es maduros.



Thomas, R. *La guerra de Troya*, ed. Marvel. Bo e minucioso resumo da guerra de Troia, obviando os acontecementos da Ilíada, tratados no tomo anterior. Lectura asequible.




Vanistendael, Sofía, *Las dos vidas de Penélope*, ed. Astiberri. Penélope é unha médica cooperante, que despois de cada misión regresa á súa casa, onde a agardan un marido fiel e unha filla que a queren e a necesitan. Ela debatirase entre a súa familia e o seu traballo e cada vez os regresos serán máis difíciles. Unha magnífica versión da *Odisea* en feminino na que se reflexiona sobre a familia, o traballo, a vocación e os roles de xénero. Fácil de ler.



Yamazaki, Mari, *Thermae Romae*, ed. Norma. Serie manga. O arquitecto romano Lucius Modestus perde a inspiración. Ante o risco de perder o seu traballo, acude a relaxarse ás termas romanas. No medio do baño fará unha viaxe no tempo e no espacio ata o Xapón actual. Aproveitará esta experiencia para revolucionar o mundo romano e gañar o favor do emperador.



Yamazaki, Mari & Tori, Miki, *Plinius*, ed. Ponent Mon. Serie manga de romanos centrada na figura de Plinio o Vello. Historieta interesante e amena, que a través das memorias deste famoso naturalista nos ofrece unha visión da ciencia no mundo antigo. Fácil de ler. A partir de 3º de ESO.



APUNTAMENTOS



1. FUNCIÓN E CARACTERÍSTICAS DO TEATRO
2. A REPRESENTACIÓN TEATRAL
3. OS XÉNEROS TEATRAIS
4. PRINCIPAIS AUTORES TEATRAIS GREGOS
5. ESQUILO, *AGAMENÓN*
6. CUESTIONARIO SOBRE *AGAMENÓN*
7. ARISTÓFANES. *LISÍSTRATA*
8. CUESTIONARIO SOBRE *LISÍSTRATA*
9. FUNCÍONS E CARACTERÍSTICAS DO TEATRO EN ROMA
10. A COMEDIA ROMANA
11. PRINCIPAIS AUTORES TEATRAIS ROMANOS
12. PLAUTO, *PERSA*
13. CUESTIONARIO SOBRE *PERSA* DE PLAUTO

GUÍA DE LECTURAS E PELÍCULAS



Teatro de Epidauro (Argólida, Grecia)